

# **PROPOSICIÓN DE LEI DE INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR PARA A CREACIÓN E REGULACIÓN DA ÁREA METROPOLITANA DE VIGO.**

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia establece no seu artigo 2 que *"gozan da condición de entidades locais as áreas metropolitanas, as mancomunidades de municipios, os consorcios e as entidades locais menores"*.

O día 23 de xuño do ano 2000, reuníase no Pazo da Touza, concello de Nigrán, a Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo e aprobaba a chamada "Proposta da Comisión de Goberno da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo á Xunta de Galicia para a creación da Área Metropolitana de Vigo", proposta que á súa vez ten orixe na chamada "Declaración de Soutomaíor", na que os Alcaldes dos Concellos da devandita Mancomunidade expresaban a súa vontade de crear unha Área Metropolitana.

En consecuencia, por iniciativa dos Concellos afectados,ponse en marcha o proceso para a creación da Área Metropolitana de Vigo que tiña que rematar cunha Lei do Parlamento de Galicia de creación e regulación da mesma.

Tras esta iniciativa e os pertinentes contactos dos Alcaldes coa Consellería de Xustiza, competente en materia de Administración Local, comezaron os traballos para a elaboración dun texto articulado que fose froito do diálogo e do consenso dos Concellos interesados e que contara co apoio das institucións económicas e sociais mais directamente afectadas.

Despois de meses de reunións de traballo, a asemblea de Alcaldes da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, mais os Concellos de Cangas do Morrazo e Moaña daban o visto bo ao texto articulado do Anteproxecto de Lei de Creación da Área Metropolitana de Vigo, que fora elaborado pola Consellería de Xustiza da Xunta de Galicia coas aportacións dos Concellos afectados; texto que logo sería sometido á aprobación dos Plenos das Corporacións de todos e cada un dos Concellos.

O día 13 de xaneiro de 2005, o Goberno da Xunta de Galicia, naquel entón do PPdeG, aprobaba o Proxecto de Lei e remitíao ao Parlamento de Galicia o día 27 do mesmo mes, sen que por parte dos Grupos Parlamentarios se formularan emendas de devolución.

Nembargante, este proceso quedou interrompido pola convocatoria das eleccións autonómicas do ano 2005, que ao disolver o Parlamento impediron que este Proxecto se convertera en Lei.

Inmediatamente despois das eleccións que proporcionaron a formación dun Goberno de coalición PSOE-BNG, o Presidente da Xunta manifestou publicamente, e así aparece recollido nos medios de comunicación, que a probación da Lei de Creación da Área Metropolitana de Vigo, sería unha prioridade do seu Goberno. O voceiro do Grupo Parlamentario do BNG manifestou tamén que o seu grupo impulsaría con urxencia a aprobación desta Lei, e o Pleno do Parlamento pronunciouse no mesmo senso no ano 2006.

Nembargante, ata o día de hoxe, o actual Goberno da Xunta non presentou no Parlamento nin tivo contactos cos concellos afectados para a elaboración do correspondente Proxecto de Lei, mentres os grupos Parlamentarios que o apoian votaron en contra en dúas ocasións á Proposición de Lei presentada polo Grupo da oposición.

En resumo, a Área Metropolitana de Vigo é unha iniciativa de marcado carácter municipalista, que contou co consenso de tódalas formacións políticas presentes nos Concellos afectados e tamén das institucións sociais e económicas que están convencidas da viabilidade e utilidade da mesma como artellamento do desenvolvemento socioeconómico de Vigo e dos Concellos situados no seu entorno, entre os que existe toda unha rede de relacións xeográficas, socioeconómicas e humanas que cumpren perfectamente os obxectivos esixidos para a creación dunha Área Metropolitana, sen prexuízo da creación de outras áreas de planificación estratéxica e desenvolvemento económico cun ámbito territorial e estrutura institucional distinta.

Dito isto, é o certo que cando xa estamos no último ano da Lexislatura, e sen que se entendan as razóns, o Goberno galego non impulsou a creación desta entidade, facendo necesaria esta iniciativa popular para encauzar os anhelos das institucións e da cidadanía desta comarca urbana.

Como non podía ser doutro xeito, os promotores votaron man do texto que no seu día contou co apoio dos Alcaldes e Corporacións Municipais dos 14 Concellos afectados, que o goberno galego aprobou e que no Parlamento non contou con ningunha emenda de devolución, ao que se lle introduciron algunhas modificacións na liña de mellorar o seu contido, coa intención de facer chegar ao Parlamento de Galicia un texto que sexa o reflexo da vontade e aspiracións de tódolos que dun xeito ou doutro desexan a súa creación.

## **CAPÍTULO I**

### **DISPOSICIÓN XERAIS E ÁMBITO TERRITORIAL**

#### **Artigo 1.- OBXECTO**

1.- Ó abeiro do disposto no artigo 40 do Estatuto de Autonomía de Galicia, no artigo 43 da Lei reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co previsto na Lei de Administración Local de Galicia, créase a Área Metropolitana de Vigo como entidade local de carácter territorial con plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

E obxecto da Area Metropolitana de Vigo, o establecemento e a prestación de os seguintes servizos:

- a. O desenvolvemento das actuación de vertebración territorial necesarias para a articulación, a conectividade, a mobilidade e a funcionalidade do territorio.
- b. A promoción das actividades económicas da zona, do turismo, e de promoción de emprego.
- c. A asistencia de carácter técnico, económico ou xurídico aos municipios integrados, por encargo ou delegación deles mesmos, especialmente en materia de planificación territorial, de paisaxe urbano, de planeamento e disciplina urbanísticos, no ámbito competencial dos municipios, sen prexuízo das funcións que exercen outras administracións nestas materias.
- d. A xestión do solo e das dotacións, de obras de urbanización, de vivenda asequible, de usos industriais e terciarios, de equipamentos, e as obras locais que sexan encomendadas polos municipios e incluídas nos correspondentes plans e programas de actuacións.
- e. A preparación dos instrumentos de información de base e urbanísticas (estatística, cartografía e estudos) que podan ser soporte da actuación territorial.

Toda a actividade da Área Metropolitana de Vigo que teña incidencia no territorio rexerese por criterios de sustentabilidade, de garantía do dereito á igualdade de oportunidades das persoas discapacitadas e de protección do patrimonio histórico e cultura. Así mesmo, a Área Metropolitana de Vigo ocuparase, en tódalas súas actividades, da aplicación das directrices que teñan por obxecto a normalización lingüística.

2.- O ámbito, competencias, potestades, goberno, organización e facenda da Área Metropolitana de Vigo serán os que se establecen na presente Lei e demais normativa de aplicación.

## **Artigo 2.- ÁMBITO TERRITORIAL**

1.- A Área Metropolitana de Vigo abranguerá inicialmente o territorio dos Municipios de: Baiona, Cangas, Fornelos de Montes, Gondomar, Moaña, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Soutomaior e Vigo, en atención á aglomeración urbana que todos eles conforman, e ás vinculacións económicas e sociais que entre eles se producen, que implican a necesidade de establecer planificacións conxuntas e coordinar determinados servizos e obras.

2.- Este ámbito territorial inicial poderá ser modificado coa incorporación de todos aqueles Concellos que o soliciten e estean comprendidos entre os vinteoito que forman a área sanitaria de Vigo ou outros que acrediten vinculación coa entidade metropolitana. Precisarase acordo adoptado por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, o cal será dirixido ao Consello Metropolitano, que informará a solicitude e posteriormente á Consellería competente en materia de Administración Local resolverá a súa incorporación inmediata.

Do mesmo xeito, se procederá se a solicitude fose dun Concello integrado para abandonala. Neste caso, a solicitude do Concello deberá realizarse coa antelación mínima de un ano a data en que esta se fixera efectiva.

3.- A Área Metropolitana de Vigo terá a súa capitalidade no Municipio de Vigo.

4.- A cidade de Vigo, como capital da Area Metropolitana, terá un tratamento propio na dotación de servizos públicos da Administración Central, Autonómica e Provincial, similar os de unha capital de Provincia.

## **CAPÍTULO II**

### **POTESTADES E COMPETENCIAS**

#### **Artigo 3.- POTESTADES**

1.- Ó abeiro do sinalado na normativa básica estatal, corresponderanlle á Área Metropolitana de Vigo as potestades e prerrogativas atribuídas ás entidades locais de carácter territorial pola lexislación de réxime local.

2.- A potestade tributaria referirase exclusivamente ó establecemento de taxas e contribucións especiais, ademais da facultade que respecto das Áreas Metropolitanas se prevé na lexislación estatal sobre Facendas Locais. Así mesmo a Área Metropolitana poderá establecer prezos públicos.

#### **Artigo 4.- ÁMBITO COMPETENCIAL**

1.- A Área Metropolitana de Vigo ostentará competencias nas materias que se sinalan no apartado 2 do presente artigo, con suxeición, en todo caso, ós requisitos e prescricións sinalados na presente Lei.

Estas competencias poderá recibilas da Xunta de Galicia, Deputación provincial ou Concellos que a integran.

2.- A Área Metropolitana ostentará, nos termos que se sinalan nos artigos seguintes, competencias sobre as materias que a continuación se indican:

- a. Abastecemento e saneamento de auga.
- b. Residuos e puntos limpos.
- c. Promoción económica e emprego.
- d. Turismo.
- e. Transporte.
- f. Ordenación urbanística.
- g. Planificación de infraestruturas viarias.

h. Servizo contra incendios, salvamento e protección civil

i. Medio Ambiente, conservación e xestión de espazos naturais supramunicipais.

3- Este ámbito competencial poderá ser ampliado a outras materias e servizos comprendidos no obxecto da Área Metropolitana, mediante os mecanismos que, para o traspaso de competencias dende a Administración do Estado, a Xunta de Galicia e da Provincia ós entes locais, se preveren na lexislación de réxime local aplicable.

4.- A Área Metropolitana poderá colaborar cos servizos municipais en calquera outro aspecto relacionado con estas competencias.

### **Artigo 5.- PLAN METROPOLITANO**

1.- O Pleno do Consello da Área Metropolitana aprobará, ó principio de cada mandato, e no prazo máximo de seis meses, un Plan Metropolitano Cuadrienal de Actividades, Obras e Servizos, no que, en todo caso, deberán figurar expresamente os obxectivos da Área Metropolitana durante ese período, con expresión dos servizos e infraestruturas que se prevexa acometer, e do mesmo xeito deberá incluír un Plan de Financiamento, con suxeición, en todo caso, ó disposto na normativa reguladora das Facendas Locais.

A competencia para a elaboración do Proxecto corresponderá á Xunta de Goberno, quen o someterá a información pública polo prazo dun mes, resolvendo as alegacións que no seu caso se produciran, para posteriormente elevarlo ó Pleno do Consello.

2.- As obras e servizos comprendidos no Plan Metropolitano Cuadrienal levarán implícita, unha vez aprobado este, a declaración de utilidade pública e necesidade de ocupación dos bens e adquisición dos dereitos afectados, ós efectos da súa expropiación forzosa.

### **Artigo 6.- AUGAS**

1. A Área Metropolitana intervirá na planificación hidrolóxica a través da súa participación nos organismos correspondentes, de conformidade co previsto na lexislación aplicable.

2. No suposto de que o Consello Metropolitano así o acordara co quórum dos dous terzos do seu número legal de membros, que en todo caso incluíra o voto favorable de como mínimo un representante, respectivamente, de alomenos dez dos concellos que integran o órgano, a Área Metropolitana xestionará o ciclo completo da auga e terá competencia en materia de:
  - a. Auga potable.
  - b. Augas residuais.
  - c. Augas pluviais.
  
3. De acordo co sinalado no apartado anterior e de conformidade coa normativa que resulte de aplicación, para a xestión das súas competencias en materia de augas, a Área Metropolitana realizará, manterá e conservará as infraestruturas precisas e executará as obras necesarias.

#### **Artigo 7.- RESIDUOS**

1. A Área Metropolitana, no marco da normativa que resulte de aplicación, intervirá na planificación do transporte, tratamento e aproveitamento de residuos urbanos. Así mesmo planificará a instalación de puntos limpos para entullos inocuos da construción, e aqueles outros puntos limpos de residuos non urbanos que por razóns medioambientais de interese público sexa conveniente xestionar e intervir.
  
2. No suposto de que o Consello Metropolitano así o acordara co quórum dos dous terzos do seu número legal de membros, que en todo caso incluíra o voto favorable de como mínimo un representante, respectivamente, de alomenos dez dos concellos que integran o órgano, a Área Metropolitana xestionará a recollida, transporte, tratamento e aproveitamento de todo tipo de residuos urbanos, considerándose a tódolos efectos, incluído o dereito á axuda doutras Administracións, como parte do Plan Autonómico de Residuos.

## **Artigo 8.- PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO**

A Área Metropolitana de Vigo terá competencia para planificar, xestionar e avaliar programas e proxectos económicos e de emprego que redunden no desenvolvemento socioeconómico de toda a Área Metropolitana, co financiamento ou axudas da Xunta de Galicia e das outras Administracións, con especial atención a aqueles que permitan e canalicen financiamento ou axudas das institucións da Unión Europea dentro do contexto de cooperación transfronteriza na eurorrexión Galicia-Norte de Portugal de acordo co marco competencial establecido na normativa vixente, e sen prexuízo dos instrumentos e canles de cooperación xa existentes ó respecto, promovendo a cooperación nos ámbitos de educación, universidade, investigación , tecnoloxía e industria.

Para tal efecto instrumentará as correspondentes fórmulas de cooperación e colaboración cos Concellos afectados e coas entidades e organismos públicos e privados que interveñan como axentes de desenvolvemento dos proxectos.

## **Artigo 9.- TURISMO**

Corresponderá á Área Metropolitana de Vigo a planificación e xestión de programas e proxectos para o desenvolvemento e coordinación das iniciativas turísticas que afecten ós Concellos incluídos na Área Metropolitana establecendo fórmulas de financiamento e cooperación coa Deputación Provincial, Xunta de Galicia, Goberno de España e calquera outra entidade ou organismo público ou privado que interveñan como axentes de desenvolvemento dos proxectos.

Sen prexuízo da forma de xestión desta competencia que se adopte ó abeiro do disposto no artigo 13 da presente Lei, poderanse articular as necesarias fórmulas de cooperación e colaboración cos Concellos afectados e coas entidades e organismos públicos e privados que interveñan como axentes de desenvolvemento dos proxectos.

## **Artigo 10.- TRANSPORTES**

1.- Será competencia da Área Metropolitana de Vigo a ordenación, xestión, planificación, inspección e sanción do servizo público de transporte regular terrestre urbano e interurbano de viaxeiros que se desenvolva integramente no seu ámbito territorial. Así mesmo se incluírá o transporte marítimo cuxo punto de orixe e destino sexa algún dos concellos incluídos na Área Metropolitana.



2.- O exercicio de tales competencias deberá coordinarse, de conformidade co previsto na lexislación aplicable en materia de transporte urbano e interurbano, coas que lle corresponden á Xunta de Galicia como titular de servizos concesionais que se atopen en explotación no momento da creación da Área Metropolitana.

A tal fin, e neste marco, a Área Metropolitana poderá proceder á elaboración dun Plan de Explotación do Servizo do Transporte Público Metropolitano.

3.-No que atinxe ás concesións de transporte urbano e interurbano, que transcorran integramente dentro do territorio da Área Metropolitana, e ás concesións de transporte marítimo, cuxo punto de orixe e destino sexa algún dos concellos incluídos na Área Metropolitana, cuxa titularidade corresponda á Xunta de Galicia, a Área Metropolitana subrogarase na posición desta, pasando a ostentar, polo tanto, a titularidade das concesións e con elo tódolos dereitos, obrigas e condicionantes derivados das mesmas, ata o remate do prazo polo que estiveran concertadas, sen prexuízo do seu remate nun momento anterior por algunha das causas e co cumprimento dos requisitos sinalados na normativa de aplicación á contratación das Administracións Públicas e establecendo os mecanismos necesarios de compensación económica ao Área Metropolitana por parte da Xunta de Galicia no suposto de que as obrigación e cargas de ditas concesións superen os beneficios xerados polo dereitos ata a finalización das concesións transferidas.

4.- A Área Metropolitana terá representación nos órganos reitores da Autoridade Portuaria de Vigo, e si se produce o traspaso da xestión dos aeroportos, a Área Metropolitana de Vigo terá representación no Órgano Reitor do Aeroporto de Vigo.

## **Artigo 11.- ORDENACIÓN URBANÍSTICA**

1.- As Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia serán as que determinen os procedementos para desenvolver a Área Metropolitana. En ausencia destas, a Área Metropolitana poderá redactar un Plan Territorial Integrado, de acordo coa lexislación aplicable en materia de ordenación do territorio.

2.- Para a execución das previsións establecidas polo Plan Territorial Integrado, a Área Metropolitana formulará, tramitará e aprobará os instrumentos de planeamento e xestión urbanística necesarios, con suxeición ó disposto na lexislación autonómica e demais que resulte de aplicación.

## **Artigo 12.- PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS VIARIAS**

A Área Metropolitana planificará mediante o instrumento correspondente a execución das infraestruturas viarias que sexan da súa titularidade, debendo observarse, tanto na súa formulación como na aprobación, as prescricións contidas na lexislación aplicable en materia de estradas, así como os deberes de información sinalados pola normativa autonómica.

## **Artigo 13.- FORMAS DE XESTIÓN DOS SERVICIOS**

Para o cumprimento dos seus fins, a Área Metropolitana de Vigo poderá adoptar calquera das formas de xestión establecidas pola normativa de réxime local.

### **CAPÍTULO III**

## **ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA ÁREA METROPOLITANA**

### **Artigo 14.- GOBERNO E ADMINISTRACIÓN**

1.- A organización da Área Metropolitana estrutúrase nos seguintes órganos:

- O Consello Metropolitano.
- O Presidente e ata 4 Vicepresidentes.
- A Xunta de Goberno.
- O Director Xeral
- O Comité de Cooperación.

- Os demais órganos sectoriais de cooperación, coordinación e consulta que o Consello Metropolitano, pola maioría absoluta dos seus membros, acorde constituír, ó obxecto de permitir a presenza dos axentes públicos e privados da zona metropolitana para a formulación de propostas de actuacións e asesoramento da Área.

2.- O Consello Metropolitano, a Xunta de Goberno e o Presidente terán a consideración de órganos de goberno da Área Metropolitana. O "quórum" de asistencia para a válida celebración das sesións dos

órganos colexiados da Entidade Metropolitana será o de un terzo do número legal dos seus membros. Este quórum deberá manterse durante toda a sesión.

## **Artigo 15.- COMPOSICIÓN DO CONSELLO METROPOLITANO**

1.- O Consello Metropolitano é o órgano superior de goberno e administración da Área e estará constituído polos representantes asignados por cada Concello na seguinte proporción:

- a. Municipios con poboación inferior a 10.000 habitantes: 1 representante.
- b. Municipios con poboación entre 10.000 e 15.000 habitantes: 2 representantes.
- c. Municipios con poboación entre 15.000 e 20.000 habitantes: 3 representantes.
- d. Municipios con poboación entre 20.000 e 50.000 habitantes: 4 representantes.
- e. Municipios con máis de 50.000 habitantes: 14 representantes, e 1 máis por cada fracción de 25.000 habitantes por encima dos 50.000.

A estes efectos, a cifra de poboación que se computará en cada Concello, será a que figure no derradeiro Padrón Municipal de Habitantes aprobado polo INE.

2.- O procedemento de elección dos representantes de cada Concello efectuarase de acordo coas seguintes normas:

- a. O Alcalde formará parte sempre do Consello Metropolitano.

b. Nos Concellos que só designaren un representante, este será o Alcalde.

c. Os restantes Concellos membros estarán representados, polo seu Alcalde e polos membros corporativos que designe o Pleno, atribuíndo os postos que correspondan ós Grupos Políticos Municipais que integren a Corporación respectando a proporcionalidade existente en cada Corporación.

3.- Despois de cada proceso electoral municipal, o Presidente, que actuará en funcións, convocará a sesión constitutiva do Consello Metropolitano.

A sesión celebrárase no prazo máximo de dous meses a contar dende a constitución dos Concellos integrados na Área Metropolitana de acordo co previsto na normativa electoral vixente.

Unha vez finalizado o seu mandato, os membros cesantes da Área Metropolitana continuarán as súas funcións soamente para a administración ordinaria ata a toma de posesión dos seus sucesores, e en ningún caso poderán adoptar acordos para os que legalmente se requira unha maioría cualificada

## **Artigo 16.- ATRIBUCIÓNS DO CONSELLO METROPOLITANO**

1.- Correspóndenlle ó Consello Metropolitano as seguintes atribucións:

a) Elaborar o inventario de necesidades da Área e establecer unha orde de prioridades entre elas.

b) Aprobar o Plan Metropolitano Cuadrienal de Actividades, Obras e Servizos e a súa análise anual, así como velar pola súa execución.

c) Aproba-la memoria anual incluíndo a memoria de actividades que virá acompañada de un informe detallado e auditado de cada un dos servizos prestados, e de avaliación do impacto real sobre a cidadanía.

d) Adoptar os acordos relativos ás transferencias ou delegación de competencias e os acordos de cooperación cos Concellos da Área Metropolitana, coa Deputación Provincial, coa Xunta de Galicia e coa Administración Xeral do Estado.

e) Coordinar as actuacións dos municipios integrados na Área Metropolitana e coas demais Administracións Públicas que incidan na súa demarcación territorial.

f) Aprobación das formas de xestión dos servizos.

g) A creación, modificación e disolución de empresas e de entidades de carácter público ou mixto, ou a participación noutras empresas.

h) A determinación dos recursos propios de carácter tributario.

i) A aprobación dos orzamentos, a autorización e disposición de gastos en materia da súa competencia e a aprobación das Contas Anuais, ó abeiro, todo elo, do disposto na lexislación aplicable en materia de facendas locais.

j) A aprobación do cadro de persoal e a relación de postos de traballo, así como o correspondente réxime de retribucións e o número e réxime do persoal eventual.

k) A elección do seu Presidente.

l) A aprobación e modificación do regulamento orgánico e das ordenanzas.

m) O exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa xurídica da Entidade en materia da súa competencia.

n) O plantexamento de conflitos de competencias.

ñ) O control da xestión dos órganos da Área.

o) Establecemento do réxime retributivo dos membros do Consello Metropolitano, da Xunta de Goberno e do persoal directivo.

p) Aprobación do Plan Territorial Integrado.

q) As restantes competencias que lle veñan atribuídas por Disposicións Normativas.

2.- O Consello Metropolitano poderá delegar o exercicio destas atribucións nos outros órganos de goberno da Área Metropolitana que determine, salvo as enumeradas nas letras a), b), c), d), f), g), h), i), j), k), l) ñ), p) do anterior apartado.

## **Artigo 17.- FUNCIONAMENTO DO CONSELLO METROPOLITANO**

1.- O Consello Metropolitano reunirase, en sesión ordinaria, como mínimo unha vez ó trimestre; así mesmo, poderase reunir en sesión extraordinaria por iniciativa do seu Presidente ou por solicitude dunha cuarta parte do número legal dos seus membros.

2.- Con carácter xeral, o funcionamento do Consello Metropolitano rexerese polo disposto na normativa de xeral aplicación ás Entidades Locais contida na lexislación de réxime local, así como polo establecido no Regulamento Orgánico que no seu caso se aprobe, e que deberá respectar, en todo caso, a antedita normativa; en especial, e sen prexuízo das maiorías esixidas na presente lei, no que se refire ó réxime de adopción de acordos previsto para o Pleno.

## **Artigo 18.- PRESIDENTE DO CONSELLO METROPOLITANO**

1.- O Consello Metropolitano, na súa sesión constitutiva, elixirá de entre os seus membros ó Presidente, mediante o voto favorable da maioría absoluta na primeira votación e simple na segunda.

2.- Ó Presidente corresponderanlle as seguintes atribucións:

a) Representar e dirixir á Área Metropolitana.

b) Convocar e presidir as sesións do Consello Metropolitano e da Xunta de Goberno, decidindo os empates na adopción de acordos con voto de calidade.

c) O exercicio das accións xudiciais e administrativas en materia da súa competencia e, en caso de urxencia, en materias da competencia do Consello Metropolitano. Neste suposto, dará conta ó mesmo na primeira sesión que se celebre para a súa ratificación.

d) Dirixir, inspeccionar e impulsa-las obras e servizos metropolitanos e administrativos da Entidade.

e) Desempeña-la xefatura superior de todo o persoal da Entidade, sen prexuízo das competencias que lle corresponden ó Consello Metropolitano.

f) Ordena-la publicación, execución e cumprimento dos acordos dos órganos executivos da Área.

g) Ditar Resolucións, Decretos e Instrucións.

h) Adopta-las medidas necesarias e axeitadas nos casos de extraordinaria e urxente necesidade, dando conta inmediata ó Consello Metropolitano.

i) A autorización, disposición, recoñecemento de obriga e orde de pago dos gastos nas materias da súa competencia.

j) As restantes competencias que lle sexan atribuídas por Disposicións Normativas e aquelas que a lexislación do Estado ou da Comunidade Autónoma asignen á Área Metropolitana e non se atribúan a outros órganos da mesma.

O Presidente poderá delegar o exercicio destas atribucións nos outros órganos de goberno da Área Metropolitana que determine, salvo as enumeradas nas letras a), b), e), e h) do anterior apartado.

3.- O Consello Metropolitano nomeará, de entre os seus membros, ata 4 Vicepresidentes que substituirán ó Presidente, por orde de nomeamento, en caso de vacante, ausencia ou impedimento para o exercicio do cargo.

### **Artigo 19.- XUNTA DE GOBERNO**

1.- A Xunta de Goberno, presidida polo Presidente do Consello, será o órgano de goberno executivo da Área, e estará formada polos Alcaldes dos Concellos integrados na mesma ou por un representante do Concello elixido polo Consello a proposta do Pleno da Corporación, nos casos en que o Alcalde renuncie.

O voto de cada membro da Xunta de Goberno será ponderado, en función do número de representantes que cada Concello teña no Consello Metropolitano.

2.- Á Xunta de Goberno corresponderanlle as seguintes atribucións:

- a. Elaborar o Proxecto do Plan Metropolitano Cuadrienal.
- b. Aprobación dos Proxectos do Regulamento Orgánico e das Ordenanzas.
- c. A aprobación do Proxecto do Orzamento e das liquidacións trimestrais da súa execución.

Asiento N.º 403 / 2002 de mi libro Inhabrador

- d. A autorización e disposición de gastos nas materias da súa competencia.
- e. O exercicio das accións xudiciais e administrativas en materia da súa competencia.
- f. Exerce-la potestade sancionadora, salvo que por Lei estivera atribuída a outro órgano.
- g. A concertación de operacións de crédito, contratación administrativa, concesións de toda clase e a xestión do seu patrimonio, todo elo de acordo co Orzamento e as Bases de execución.
- h. Exerce-las competencias que lle sexan delegadas polo Consello Metropolitano ou polo Presidente.
- i. As demais que lle correspondan de acordo coas Disposicións Legais vixentes.

A xunta de goberno reunirse ao menos unha vez ao mes; así mesmo, poderá reunirse en sesión extraordinaria por iniciativa do seu presidente ou por unha cuarta parte do número legal dos seus membros.

## **Artigo 20.- DIRECTOR XERAL**

1.- O Director Xeral, que terá a consideración de persoal eventual, será designado polo Presidente do Consello Metropolitano. Seralle de aplicación o réxime de incompatibilidades establecido pola lexislación xeral para o persoal ó servizo das Administracións Públicas.



2.- O Director Xeral, baixo as directrices e baixo a dependencia directa do Presidente da Área Metropolitana, exercerá as seguintes funcións:

- a. Asegura-lo cumprimento dos acordos do Consello Metropolitano e da Xunta de Goberno.
- b. Impulsar e dirixi-los servizos técnicos e administrativos que se creen para o exercicio das competencias da Área Metropolitana.
- c. Proporlle ó Consello ou á Xunta de Goberno cantas medidas considere convenientes no tocante ó funcionamento da Entidade Metropolitana e ó cumprimento das súas funcións.
- d. Presentar unha memoria anual sobre o labor realizado.
- e. Velar polo establecemento de métodos de xestión que garantan unha prestación eficiente e de calidade dos servizos metropolitanos.
- f. Elabora-los anteproxectos de orzamentos e aqueles outros de carácter técnico.
- g. Elabora-los plans de actuación e o programa de necesidades da Área Metropolitana, especialmente no que se refire ó Plan Metropolitano Cuadrienal.
- h. Calquera outra que lle sexa encomendada en relación coas funcións que lle veñan atribuídas, sen prexuízo das competencias que lles correspondan ós funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.

3.- O Director Xeral asistirá, a requirimento do Presidente, con voz pero sen voto, ás sesións do Consello Metropolitano e da Xunta de Goberno, así como ás sesións daqueles outros órganos, cando o Presidente o estime conveniente.

## **Artigo 21.- COMITÉ DE COOPERACIÓN**

1.- Existirá un Comité de Cooperación, composto por nove membros, que se distribúen do seguinte xeito:

- Dous representantes designados pola Xunta de Galicia.
- Dous representantes designados pola Deputación Provincial de Pontevedra.
- Cinco representantes designados pola Área Metropolitana de Vigo.

As súas decisións non terán carácter executivo.

2.- Será función, entre outras, do Comité de Cooperación, determinar e coordinar, previa a súa identificación, as actuacións que na Área Metropolitana decidan executar en común as tres Administracións, así como propoñer o seu réxime de financiamento, na proporción que en cada caso se estableza por cada unha das Administracións.

3.- O Comité de Cooperación reunirse por proposta de calquera das tres Administracións representadas na mesma, e en todo caso celebrará, como mínimo, dúas sesións ó ano.

4.- Cando a especificidade da materia así o requira poderanse incorporar ó Comité de Cooperación outros representantes das Administracións que o integren, actuando con voz pero sen voto, e circunscritos unicamente á materia concreta que motive a súa incorporación transitoria.

## **Artigo 22.- OUTROS ÓRGANOS DE COOPERACIÓN, COORDINACIÓN E CONSULTA**

O Consello Metropolitano, pola maioría absoluta dos seus membros, poderá acordar a constitución de outros órganos de

cooperación, coordinación e consulta coas funcións e composición que se determinen no acordo de creación, e coa finalidade de permitir a incorporación voluntaria das Administracións ou dos axentes públicos e privados da zona metropolitana para a formulación de propostas de actuacións e asesoramento da Área.

## **CAPÍTULO IV**

### **FACENDA DA ÁREA METROPOLITANA**

#### **Artigo 23.-**

1. A facenda da Área Metropolitana poderase nutrir dos seguintes recursos:

- a. Os ingresos procedentes do seu patrimonio e demais de dereito privado.
- b. As contribucións dos municipios integrados na Área Metropolitana que serán fixadas polo Consello Metropolitano, e consistirán nunha cantidade fixa por habitante igual para cada concello. A tal fin, os concellos integrados na Área Metropolitana consignarán, nos seus orzamentos, as cantidades precisas para atende-las devanditas contribucións.

Se estas contribucións non se efectuasen, a Área Metropolitana, a través do seu Presidente, poderá solicitarlle á Comunidade Autónoma que reteña, previa instrución do correspondente procedemento, e con cargo ás transferencias de carácter incondicionado e non finalista que a Comunidade Autónoma poida ter recoñecidas a favor dos concellos debedores, os fondos do municipio debedor ata a contía na que se cifre a débeda en cuestión, e os ingrese na facenda da Área Metropolitana. A retención dos fondos por parte da Xunta de Galicia, realizada a instancia da Área Metropolitana, terá a consideración de acto de mera execución, non sendo susceptible de recurso.

- c. Os recursos procedentes do exercicio da posibilidade que respecto do Imposto de Bens Inmóveis, se prevé na lexislación aplicable en materia de facendas locais, en canto ó seu recargo por parte das Áreas Metropolitanas.

- d. As contribucións, subvencións e aportacións en xeral provenientes doutras administracións públicas, incluídas as aportacións dirixidas ó financiamento de servizos e competencias específicos previamente delegados, transferidos ou encomendados dende outras administracións. As contribucións con carácter non finalista a que a Deputación Provincial, o Goberno central e a Xunta de Galicia fagan no seus presupostos anuais para cumprir o apartado catro do artigo dous da presente lei.
  
- e. Os canons pola utilización de bens públicos ou as taxas e prezos públicos pola prestación de servizos.
  
- f. As contribucións especiais.
  
- g. O produto das operacións de crédito.
  
- h. As doazóns de entidades particulares.
  
- i. Recursos, que con carácter de afectados, puideran contemplarse nos Orzamentos Xerais do Estado en concepto de financiamento de determinados servizos específicos.
  
- j) Os ingresos procedentes das sancións que a Área Metropolitana puidera impoñer no eido das súas competencias.
  
- k) Calquera outro que lle corresponda percibir ou, no seu caso, se establecera de acordo coas leis. No seu caso a participación nos tributos do Estado e da Comunidade Autónoma, si fora legalmente posible.
  
- l) As cantidades que nos Orzamentos do Estado, Comunidade Autónoma ou Deputación Provincial aparecen especificamente asignadas para o financiamento da Área ou das Áreas Metropolitanas.

2. A Área Metropolitana terá, igualmente, capacidade para adquirir, gravar e allear bens, e obrigarse, mediante relacións de dereito público e privado. O seu réxime orzamentario e contable será o que se sinala na lexislación aplicable en materia de facendas locais e na súa normativa de desenvolvemento para os entes locais.

## **CAPÍTULO V**

### **PERSOAL DA ÁREA METROPOLITANA**

#### **Artigo 24.-**

1.- Xunto co Orzamento, a Área Metropolitana deberá aprobar o Cadro de Persoal e a Relación de Postos de Traballo correspondentes a persoal funcionario, laboral e eventual ou de confianza; respecto deste último, o seu número e retribución deberán ser determinados polo Consello Metropolitano ó principio de cada mandato.

2.- En todo caso, a Área Metropolitana deberá dispoñer das correspondentes prazas propias reservadas a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, ocupadas por funcionarios que reúnan tal condición.

3.- Ó réxime xurídico aplicable ó persoal da Área Metropolitana será, con carácter xeral, o previsto na lexislación aplicable ó persoal ó servizo das entidades locais.

### **DISPOSICIÓN ADICIONAIS**

PRIMEIRA.- O Consello Metropolitano deberá celebrar a súa primeira sesión de constitución, que será presidida polo membro de maior idade, no prazo máximo de tres meses dende a entrada en vigor da presente Lei.

Así mesmo, no prazo máximo dun mes dende a constitución do Consello Metropolitano, deberá procederse á constitución da Xunta de Goberno. Neste mesmo prazo deberá designarse ó Director Xeral, ó Delegado da Xunta na Área e ó Comité de Cooperación.

SEGUNDA.- A integración na Área Metropolitana suporá a cesación da participación dos concellos integrantes en calquera ente asociativo de carácter local que xestionara as mesmas competencias, no que se refire ó exercicio efectivo das mesmas, todo elo de acordo ó previsto nos Estatutos dos respectivos entes.

## TERCEIRA.-

1. O desenvolvemento das competencias que a presente Lei determina para a Área Metropolitana e a xestión de servizos a elas inherentes, cando a súa natureza así o esixa, efectuarase previos os acordos de transferencia, delegación ou encomenda de xestión correspondentes de acordo ó disposto nos seguintes apartados.
2. No marco do sinalado na Lei de Administración Local de Galicia, para a negociación da Transferencia, Delegación ou Encomenda de Xestión de competencias que puideran efectuarse dende a Xunta de Galicia á Área Metropolitana créase unha Comisión Mixta Paritaria, integrada por un máximo de seis membros, coa misión de concreta-los termos nos que serán realizadas, tanto no que se refire ó custo dos servizos, medios materiais e humanos, condicións de exercicio, e demais necesarios; todo elo sen prexuízo dos principios aprobados ó respecto no seo da Comisión Galega de Cooperación Local e das competencias que por Lei ostente este órgano.
3. Ós efectos anteriores, e cando se trate de competencias transferidas, delegadas ou encomendadas dende os concellos ou mancomunidades á Área Metropolitana, constituirase para cada entidade local unha Comisión Paritaria Mixta integrada por tres representantes do respectivo ente, elixidos polo Pleno ou órgano equivalente, e outros tres da Área Metropolitana elixidos polo Consello Metropolitano.

Os acordos das Comisións Paritarias Mixtas, que serán executivos, deberán conter en todo caso, sen prexuízo das adaptacións que procedan, as seguintes previsións, sen prexuízo das posibles adaptacións:

- a. Referencia ás normas legais en que se ampara cada transferencia, delegación ou encomenda.
- b. Identificación concreta dos servizos transferidos, delegados ou encomendados e das funcións que pasará a exercer a Área Metropolitana.
- c. Identificación concreta, no seu caso, e especificación daquelas funcións concorrentes e compartidas entre ambas Administracións, determinando as formas institucionais de cooperación entre elas.

- d. Inventario detallado dos bens, dereitos e obrigas do Concello que se atopen adscritos á prestación do servizo que se transfira ou delegue, con especificación dos datos que permitan a correcta identificación dos bens inmobles e con determinación dos contratos afectados polo traspaso.
- e. Relacións nominais do persoal adscrito ós servizos que se transfiren ou deleguen, con expresión do seu número de Rexistro de Persoal e, ademais, si se trata de funcionarios, Corpo, posto de traballo, situación administrativa e réxime de retribucións básicas e complementarias. No caso de persoal laboral expresarase a súa categoría, posto de traballo e réxime de retribucións. En ningún caso poderanse transferir prazas vacantes non dotadas presupostariamente.
- f. Relación de vacantes dotadas presupostariamente dos servizos que se traspasan, con indicación do Corpo ó que están adscritas, nivel orgánico e importe da dotación económica.
- g. A valoración do custo efectivo das funcións e servizos que se transfiran ou deleguen, que comprenderá a agregación dos custos directos e indirectos e os gastos de investimento, de conservación, mellora substitución e ampliación que procedan.
- h. Nos casos nos que a prestación dos servizos que se transfiran estea gravada por taxas ou reporte ingresos de dereito privado, o seu rendemento corresponderalle á Área Metropolitana a partir da data de efectividade da transferencia. O importe da recadación líquida obtido minorará a valoración do custo efectivo.
- i. O custo efectivo neto dos servizos transferidos e as modificacións que, no seu caso, deban operarse nos presupostos municipais, así como os criterios de actualización no futuro ou a porcentaxe equivalente sobre os ingresos de ditos presupostos.
- j. Inventario da documentación administrativa relativa ós servizos transferidos ou delegados.
- k. Data de efectividade do traspaso, antes da cal deberán terse formalizado cantos documentos e actuacións sexan precisos para garantir a titularidade e dispoñibilidade pola Área Metropolitana dos bens e dereitos que se transfiran.

CUARTA.- En todo o non contemplado por esta Lei será de aplicación o disposto na normativa vixente en materia de réxime local e demais normas concordantes.

## DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA





No prazo dos tres anos seguintes á entrada en vigor da Lei, o Consello Metropolitano deberá decidir expresamente sobre o desempeño e exercicio das competencias indicadas nos artigos 6.2 e 7.2.

## DISPOSICIÓN DERRADEIRAS



PRIMEIRA.- Autorízase ó Consello da Xunta de Galicia para ditar as disposicións regulamentarias de desenvolvemento e execución desta Lei.

SEGUNDA.- A presente Lei entrará en vigor ós tres meses da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Vigo, 20 de xuño de 2008



Proxario Díaz Comesaña



ENDEREZO A EFECTOS NOTIFICACIÓN:

PRAZA DA PRINCESA, N.º 7-2º (36202) Vigo (Pontevedra)  
LE-  
TELF. 986.22.30.67